Visto o expediente de contratación nº 229/2010, polo procedemento aberto con varios criterios de adxudicación, para a execución da obra denominada "REFORMA DO PABELLÓN POLIDEPORTIVO E AMPLIACIÓN DO AUDITORIO" incluída no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local 2.010 e no que constan: 1.-Acta de Replaneo efectuada o 17 de marzo de 2.010 2.- Certificado do acordo do pleno da Corporación de 28 de xaneiro de 2.010, polo que se solicita a inclusión da citada obra no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local; 3.- Certificación de existencia de crédito suficiente e axeitado con data de 17 de marzo de 2.010 e informe de fiscalización do gasto emitido con data de 18 de marzo de 2.010 4.-Informe da Secretaría Xeral do Concello con data de 18 de marzo de 2.010; e 5.-Prego de claúsulas administrativas particulares. 6.-Proxecto técnico redactado polo Enxeñeiro Industrial D. Jesús Manuel Mallo Puga.

Dada conta do expediente á comisión informativa de asuntos do pleno celebrada con data de 22 de marzo de 2.010, por decisión potestativa e voluntaria do Alcalde e sendo dictaminado favorablemente o citado expediente

Tendo en conta que mediante acordo do pleno adoptado en sesión do 5 de xullo de 2.007, delegouse na Alcaldía a competencia para as contratacións que superasen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento, como é o caso, pola presente e en execicio da citada competencia delegada RESOLVO:

PRIMEIRO: Aproba-lo proxecto e o expediente de contratación polo procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación para a execución da obra denominada "REFORMA DO PABELLÓN POLIDEPORTIVO E AMPLIACIÓN DO AUDITORIO" incluída no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local 2.010, procedemento que se xustifica polo intento de buscar a maior concorrencia posible e obter a mellor oferta posible, e consonte o proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Jesús Manuel Mallo Puga e que ten un orzamento de execución de 306.008,50 euros e 48.961,36 euros de IVE (**total: 354.969,86 euros**).

SEGUNDO: Aprobar igualmente o prego de cláusulas administrativas particules que rexerá a contratación antedita.

TERCEIRO.-Ó abeiro do disposto no artigo 295.1 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, constituí-la Mesa de Contratación para a adxudicación da obra de que se trata, coa seguinte composición; Presidente: José Muíño Domínguez, Alcalde do Concello ou quen legalmente o sustitúa. Vogais: Dª. Gema Vázquez López, Interventora do Concello, D. Federico M. Suárez Cancelo, Secretario do Concello, D. Enrique Vilar Gantes, Arquitecto do Concello, e D. Carlos Allo Cundíns, Concelleiro. Secretaria. Dª. Elisa Fernández González, funcionaria do Concello.

CUARTO.-Dispoñe-la apertura do procedemento aberto solicitando ofertas mediante a publicación dun anuncio no Boletín Oficial da Provincia, no Diario Oficial de Galicia e no perfil do contratante do Concello.

QUINTO.-Autoriza-lo gasto con cargo á partida orzamentaria 342/632.03-6E do actual orzamento municipal.

SEXTO: Nomear a D. Jesús Maio Puga como director e director de execución das obras así como coordinador de seguridade e saúde das mesmas, con tódalas atribucións, obrigas e dereitos derivados da lexislación en materia de contratos das administracións públicas e restantes normativa aplicabable.